

Lingüística Galega
a contribución do
Instituto da Lingua Galega



LaborHistórico

Volume 3 - Número 1 - jan./jun. 2017

Sumário

Limiar	10
---------------	----

Henrique Monteagudo
Rosario Álvarez

Dossiê Temático

Lingua e sociedade en Galicia	14
--------------------------------------	----

Henrique Monteagudo

Investigar, elaborar, divulgar. O Instituto da Lingua da Universidade de Santiago de Compostela	49
--	----

Serafín Alonso Pintos

A investigación sobre a variación lingüística do galego: desde o ALGa ata a actualidade	63
--	----

Rosario Álvarez
Xulio Sousa

A edición de textos en Galicia (da Idade Media aos Séculos Escuros)	76
--	----

Ana Boullón

Situando o galego no terreo da investigación lingüística: os traballos de fonética e fonoloxía	93
---	----

Elisa Fernández Rei
Xosé Luís Regueira

A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego	111
<i>Francisco Cidrás</i> <i>Francisco Dubert-García</i>	
Panorama actual da lingüística histórica galega	126
<i>Xavier Varela Barreiro</i> <i>Ricardo Pichel</i>	
Avances e tendencias actuais en lexicografía galega	149
<i>Ernesto González Seoane</i> <i>Antón Santamarina</i>	

Recebido em 03 de janeiro de 2017. | Aprovado em 13 de março de 2017.

DOI: <http://dx.doi.org/10.24206/lh.v3i1.17106>

Serafin Alonso Pintos¹

Resumo: O Instituto da Lingua Galega (ILG) é un centro de estudos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela. O seu rango de actividades é largo, e inclúe, entre outras, a análise diacrónica e sincrónica do idioma galego, a realización de programas de doutoramento e posgrao, o asesoramento técnico a persoas cunha relación profesional coa lingua (ensino, administración, medios de comunicación) e a organización de reunións científicas sobre o galego. A primeira parte da exposición abrangue desde os momentos previos á creación do ILG ata o ano 1983. Os estudos sobre a lingua dialectal, a fundamentación do modelo ortográfico e os cursos de formación para mestres forman parte dunha época en que o urxente era a estandarización do galego. A segunda etapa abrangue desde o ano da oficialización da ortografía estándar (1982) ata a segunda revisión desta normativa (2003). Progresos significativos no camiño da estandarización e nos campos dialectolóxico, gramatical e lexicográfico conviven co debate ortográfico nuns anos en que muda o mapa da filoloxía galega, coa creación das universidades da Coruña e Vigo e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A terceira parte repasa o percorrido do Instituto no novo milenio. Nela destacan os avances en áreas como a prosodia, a variación e o cambio lingüístico, a dixitalización de fondos e recursos, a divulgación internacional do galego e a consolidación de proxectos interuniversitarios de investigación en rede.

Palabras-chave: galego; ortografía; estandarización; dialectoloxía; tesouros dixitais.

Abstract: The Instituto da Lingua Galega (ILG) is a centre of linguistic studies that is part of the University of Santiago de Compostela. Its range of activities is wide and, among others, includes the study of the Galician language in a diachronic and synchronic way, the carrying out of pre-doctoral and post-doctoral programs, the linguistic assistance to people with a professional relation to the Galician language (in the realms of education, state administration and mass media) and the organization of scientific conferences on the Galician language. The first part of this presentation covers the time prior to the foundation of the ILG to the year 1983. Studies of the dialectal varieties, the reinforcement of the orthographic standard model and the organization of formative courses belong in this time when the standardization of the Galician language was urgent. The second part covers the time between the year of the official adoption of the orthographic standard model (1982) and the year of the second revision of its norms (2003). Significant progress made both towards standardization and in the areas of dialectology, grammar and lexicography coexist with the orthographic debate at a time when the scene of Galician philology changed significantly with the foundation of the "Ramon Piñeiro's Centre for the Research in the Humanities", the University of Vigo and the University of A Coruña. The third part reviews the course of the Instituto in the new millennium. Progress in areas such as prosody, linguistic change and variation, the digitalization of thesaurus and resources, the international spreading of the Galician language and the consolidation of collaborative research between different universities should be noted at this time.

Keywords: Galician; orthography; standardization; dialectology; digital thesaurus.

¹ Serafin Alonso Pintos (Bonn, 1969). Doutor en Filoloxía galego-portuguesa (2005) pola Universidade de Santiago de Compostela, profesor de ensino secundario e colaborador externo do ILG. Publicou *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980* (Madrid, UNED, 2002) e *O proceso de codificación do galego moderno* (A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2006). serafinalonso@edu.xunta.es.

1. A cátedra de Lingüística Románica da Universidade de Santiago

O nacemento do Instituto da Lingua Galega non pode entenderse sen a figura do seu primeiro director, Constantino García, que chega en 1965 á Universidade de Santiago de Compostela para se facer cargo da cátedra de Lingüística Románica. Neste capítulo repasaremos de maneira sucinta o que representou a súa figura na universidade da época e a influencia da súa metodoloxía de traballo en seminario.

A mediados da década de 1960, Constantino García era un profesor novo e os seus modos de investigar e relacionarse co alumnado fixérono axiña coñecido na Facultade, que daquela se chamaba de Filosofía e Letras. Lingüista de carreira, con contactos científicos noutras universidades, chegaba á de Compostela despois de formarse, entre outros, con Ramón Menéndez Pidal e Rafael Lapesa en Madrid e Harri Meier en Bonn.

A súa accesibilidade contrastaba coa severa e moi circunspecta verticalidade que caracterizaba naquel momento o trato entre alumnos e catedráticos:

Desde a súa incorporación á Facultade de Filosofía e Letras destacou, especialmente nos primeiros anos, coma un profesor atípico; quizais o seu contacto con estudantes e con colegas nun país democrático como era Alemaña lle ensinaran un tipo de comunicación cos alumnos que contrastaba co que era habitual nos seus colegas de claustro no Santiago da época (SANTAMARINA, 2009, p. 8).

Este talante facilitou o éxito que acadaría na aplicación dunha metodoloxía que importou de Alemaña: o seminario de traballo. Concibido como un espazo operativo facilitador do labor en común, aquel Seminario de Lingüística Románica fomentou unha dinámica de relación persoal e intercambio intelectual insólita naquela altura. Evidentemente, entre os factores que explican o éxito da iniciativa hai que considerar o entusiasmo, o compromiso e a capacidade daquela mocidade universitaria. Lémbrese que en Galicia, ao clima singular dunha España en tránsito (Transición) á democracia hai que engadir o estímulo de poder dignificar a lingua oprimida. O lingüista Guillermo Rojo (2014, p. 350) lembra a transcendencia do seu encontro con Constantino na facultade compostelá, así como a relevancia daquel Seminario de Lingüística Románica nos seus anos de formación como investigador:

El seminario era un lugar realmente atractivo y motivador, rasgos a los que contribuía también la política que seguía Constantino García consistente en traer a Santiago, con los más diversos pretextos, a figuras como Dámaso Alonso, Rafael Lapesa, Alonso Zamora Vicente, Manuel Alvar, Fernando Lázaro, José Luis Pensado, Lindley Cintra, Rodrigues Lapa, Eugenio Coseriu... De todos ellos, ya desaparecidos, guardo un magnífico recuerdo, muy especialmente de la proximidad con que, en general, aquellas grandes figuras trataban a un joven inexperto e ignorante como era yo entonces. Fue una etapa de muchísimo trabajo, pero realmente apasionante y fructífera.

O profesor obraba no seminario máis como coordinador ca como catedrático xefe e, chegado o caso, sabía aceptar perspectivas distintas da propia. E o caso chegaba moitas veces –sobre todo naqueles primeiros tempos– cando o obxecto era a lingua galega, unha variedade da que, como o resto dos romanistas europeos daquela, ignoraba case todo (GONZÁLEZ SEOANE, 2011, p. 21; SANTAMARINA, 2011, p. 278). Esta circunstancia non escapou a un observador agudo como o intelectual galeguista Ramón Piñeiro, que coincidiu con Constantino no proceso de revisión do borrador do *Galego 1*, un manual didáctico que actuou como carta de presentación do Instituto da Lingua Galega (ILG): “O Constantino, en realidade, leva a iniciativa, o peso e a responsabilidade da promoción realizadora, pro [sic] nos problemas do galego acepta os puntos de vista dos seus colaboradores” (V. F., 2006, p. 69). Naquelas reunións filolóxicas da cátedra de Lingüística Románica destaca xa a figura de Antón Santamarina, que desempeñaría un papel crucial na historia do Instituto (“Además, eso me permitió participar en todas las actividades del seminario y aprender continuamente de las discusiones que, lideradas siempre por Antón Santamarina, se suscitaban sobre los más diversos temas, tanto lingüísticos como de cualquier otro tipo”, Rojo, 2014, p. 350).

O ambiente xerado arredor do Seminario de Lingüística Románica atraeu a moitos estudantes en procura de dirección para a súa memoria de licenciatura (“tesña”) ou a súa tese de doutoramento, cometido no que o

catedrático foi xeneroso e prolífico. Tanto, que mesmo autores que máis tarde encamiñarían a súa carreira cara a outras áreas da filoloxía formaron parte daquela primeira marea e publicaron na revista *Verba. Anuario galego de filoloxía*, a plataforma editorial creada en 1974 por Constantino no Servizo de Publicacións da USC. Son os anos das “teses de fala”, investigacións que levan por título “Vocabulario de...”, “A fala de...”, seguidos do nome dun topónimo, case sempre da área xeográfica de orixe do investigador (véxase o traballo de R. Álvarez e X. Sousa neste mesmo volume).

Aquela dinámica rendeu os seus froitos e asentou unha experiencia moi útil para o futuro Instituto da Lingua. Repárese en que foi na cátedra onde se elaborou o *Galego 1*, que estaba xa acabado cando o Instituto é presentado en rolda de prensa en 1971, ou que na relación dos fins inmediatos do ILG que recolle a súa acta fundacional figura, en terceiro lugar, o de *continuar* (non iniciar) o rexistro lexicográfico “actualmente en realización” no Departamento de Filoloxía Románica, o que testemuña que parte do traballo estaba en marcha antes de existir oficialmente o propio Instituto.

No próximo apartado repasaremos algúns aspectos do contexto en que xorde o Instituto da Lingua Galega, un centro que se organizou para, entre outras finalidades, poder captar recursos externos non accesibles desde a cátedra de Lingüística Románica. Recursos sobre todo económicos (bolsas, subsidios), que subministraban entidades extrauniversitarias de gran fortaleza económica como a Fundación Pedro Barrié de la Maza (A Coruña), e outras de orzamentos máis modestos como Penzol (Vigo) ou Fingoi (Lugo).

2. Sobre a fundación do Instituto da Lingua

A aparición do ILG está condicionada polo peculiar contexto en que ve a luz. No ano 1971, en España goberna aínda unha ditadura militar, o sistema universitario está en proceso de transformación e o galeguismo institucional sobrevive concentrando esforzos na resistencia cultural. A filoloxía galega é quen de publicar monumentos editoriais como a *Historia da literatura galega contemporánea* do profesor Carballo Calero (1963) pero resulta incapaz de xerar novidades en materia de coñecemento científico da lingua. Por aqueles anos, o galego era un territorio case sen explorar para a lingüística e a planificación do corpus estaba sen facer. No caso da ortografía faltaba un repertorio completo, unificado e sancionado pola Academia, pero así a todo contábase cunha certa tradición previa. A situación nos apartados gramatical e lexicográfico era porén moito peor e convertía o galego nunha *terra incognita* na Romanística. Cando na década dos sesenta o filólogo Ricardo Carballo Calero acepta a encomenda de Ramón Piñeiro de redactar unha gramática de galego, reconece esta eiva (“Otra dificultad con la que tropezamos es la escasez de trabajos monográficos, y de precedentes de estudios generales. De muchos aspectos de la lengua gallega no sabemos científicamente nada, o sabemos muy poco”, CARBALLO, 1966, p. 16). Aínda anos despois, cando Carballo revise esta bibliografía para incluíla no apartado “Concepto, método y fuentes” da documentación da súa oposición á cátedra (1972), os resultados non son nin mellores nin máis numerosos, como amosa a bibliografía incluída na cuarta edición da súa gramática (1974).

Para sermos xustos, tanto a gramática de Carballo Calero (1966) coma o dicionario máis consultado na época, o *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande (1968) cumpriron o seu cometido histórico de dar testemuño do idioma en tempos de resistencia cultural ao franquismo. No caso de Carballo, o autor consegue superar un reto que outros antes del non puideran. Lémbrense, a modo de exemplo, os resultados nulos da comisión de gramática iniciada pola Academia en 1961 ou os intentos frustrados de Ramón Otero Pedrayo de incluír un capítulo dedicado á lingua na súa *Historia de Galiza* (1962-1973).

Pola súa banda, a oposición política á ditadura atopámola moi atomizada, e á beira dun hexemónico Partido Comunista de España (PCE) encontramos un abano de pequenas agrupacións partidarias bastante limitadas en militantes e apoio electoral, en especial aquelas da órbita do nacionalismo galego. Nun escenario así, dar nacemento a un centro como o Instituto da Lingua non debeu resultar cousa fácil, e Constantino García viuse na obriga de despreñar grandes doses de diplomacia para conquistar a aquiescencia das autoridades franquistas e o apoio pragmático do galeguismo posibilista. Repasemos algunhas claves daquela complicada botadura.

Entre os que se moveron para vencer a negativa da xerarquía do estado español débese incluír a acción de Pedro Barrié de la Maza, un dos grandes empresarios (banca, enerxía, construción naval) da ditadura. A nivel máis local, os movementos para lograr o apoio do reitor franquista da USC (FERNÁNDEZ REI, 2016, p. 400-401) víronse facilitados porque os propios estatutos provisionais da institución admitían (artigo 2º) a creación de organismos supradepartamentais con patrocinadores externos. Axudou tamén que a persoa proposta para director do novo

organismo non era quen parecía a primeira opción para o cargo, o profesor Ricardo Carballo Calero, vulto eminente da intelectualidade galeguista que se ocupaba, na mesma universidade, da cátedra de Lingüística e Literatura Galegas, senón aquel outro catedrático de Lingüística Románica que chegara a Compostela uns anos atrás. Un lingüista asturiano que nin falaba galego nin publicara en galego cousa ningunha e que, a diferenza de Carballo Calero, non tiña ficha nos arquivos da policía franquista (ALONSO MONTERO, 1996, p. 71).

Superado o obstáculo maior das autoridades franquistas, C. García soubo detectar a necesidade de contar co apoio dos galeguistas. Lembremos que o catedrático carecía aínda de lexitimidade e apoios entre os diversos colectivos que viñan protagonizando a resistencia cultural á ditadura, unha fronte diversa de organizacións de actividade e relevancia desigual entre as que salientan a figura carismática da Real Academia Galega e mais a editorial Galaxia de Ramón Piñeiro e o seu círculo. Na negociación coa vella garda galeguista tamén debeu axudar o contorno institucional elixido, pois ao situar o ILG ao abeiro da Universidade de Santiago limitábanse os posibles celos entre entidades. Ademais, a adopción dunha distribución paritaria impedía que ningunha delas recibise maior consideración que as outras, ao se integraren todas no mesmo nivel xerárquico.

Este xogo de inclusións e equilibrios plásmase nos primeiros estatutos do ILG nas figuras do Padroado e do Consello de Dirección, unha estrutura dupla que se mantivo ata 1991, en que houbo que adaptala ao novo marco regulador dos centros de investigación da universidade española. O documento inaugural leva data do 26 de xullo de 1971. Presidiu a sesión o reitor Manuel García Garrido, e naquel Consello de Dirección están Constantino García como director, o profesor Ricardo Carballo Calero como secretario e o catedrático Manuel Díaz y Díaz (Filoloxía Latina) como vicedirector, dotando ao organismo de carácter supradepartamental. Pola súa banda, o Padroado, do que tamén formaba parte o decano da Facultade de Filosofía e Letras (Ramón Otero Tüñez) incorporaba a esfera galeguista tolerada pola ditadura: Real Academia Galega (Marino Dónega), Instituto Padre Sarmiento (Xosé F. Filgueira Valverde), Fundación Penzol (Xerardo Fernández Albor), Centro de Estudos Fingoi (Ricardo Carballo Calero), Fundación Pedro Barrié de la Maza (Xoaquín Arias Díaz de Rábago). As funcións do Padroado e do Consello de dirección recólleas Fernández Rei (1991, p. 15-16) nun artigo imprescindible sobre a historia do Instituto ata 1990:

O Patronato ocúpase do asesoramento da dirección, da xestión dos medios económicos e da aprobación do presuposto e contas, así como dos proxectos de investigación, mentres que o Consello de Dirección ten como misión a inspección das tarefas do ILG, a elaboración dos proxectos de investigación e a proposta ó Patronato dos nomeamentos do persoal investigador.

Como acabamos de ver, as orixes do ILG hainas que ir buscar á cátedra de Lingüística Románica da USC, ao pulo do seu director, ao ánimo e capacidade daquela mocidade universitaria e á necesidade de conseguir recursos. Na súa posta en marcha mestúranse a diplomacia e o sentido de país e o resultado é un organismo universitario fundamental no progreso da lingüística galega no último terzo do século XX.

3. Dialectoloxía e planificación do corpus

Naqueles anos, o foco das pescudas do Instituto sitúase na lingua dialectal. Unha oralidade popular que comezaba a sistematizarse tomando como base un enorme traballo de campo realizado entre 1974 e 1977 (remitimos novamente ao traballo de R. Álvarez e X. Sousa neste mesmo volume). En realidade, a xénese daquel labor está en dúas investigacións de maior alcance, o *Atlas Linguarum Europae (ALE)* da Comisión de Lingüística da UNESCO e o *Atlas Lingüístico de España y Portugal (ALEP)* dirixido por Manuel Alvar (Fernández Rei, 1991, p. 28). A parte galega encomendáronlla a Constantino García, que decidiu ampliar a batería de preguntas e a rede de puntos xeográficos para redactar un Atlas Lingüístico de Galicia. En total foron 167 puntos (152 en Galicia e 15 nas zonas limítrofes galegofalantes de Asturias, León e Zamora) e máis de 2700 preguntas.

O enorme caudal de información así extraída constituía unha fonte fiable de referencias sobre o galego moderno que se incorporaría ás teses de doutoramento dos investigadores principais daquel atlas dialectal que coordinaron Constantino García e Antón Santamarina (Manuel González, Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei). Parece indicado lembrar que, en contra dun tópico bastante establecido en Galicia, aquelas teses transcendían case sempre a pura dialectoloxía. Había que reconstruír o camiño percorrido polo idioma desde os tempos dos cancioneros medievais ata a actualidade, e adoptouse para iso unha perspectiva extensa que ía máis alá da xeografía lingüística sincrónica. No traballo de A. Santamarina sobre o verbo (1974; anexo 4 da revista *Verba*) os

contidos de gramática histórica e os de descripción sincrónica van case ao 50%. Igualmente, se un revisa as teses de F. Fernández Rei sobre o verbo (1979) ou R. Álvarez sobre o pronome persoal (1980) sorprenderase se cadra da cantidade de datos de gramática histórica que preceden o estudo sincrónico. Por caso, a morea de páxinas dedicadas a demostrarlle ao tribunal avaliador que a forma galega *eu* proviña da latina *EGO*.

A realidade viva da fala oral popular pasa a ser coñecida como nunca antes na historia do galego, e sobre esta realidade oral-popular pretende o Instituto construír o estándar (ALONSO PINTOS, 2002; 2006). Esta fidelidade á fala das clases populares provocou axiña diferenzas con outras instancias. A primeira, coa vella garda galeguista. Pensemos en Piñeiro, no catedrático Carballo ou na propia Academia e a súa defensa dun modelo de lingua culta (o *galego literario*) apegado aos usos dos grandes escritores do canon. A segunda, con certos sectores da esquerda nacionalista, entre os que destaca a Unión do Povo Galego (UPG), que postulaban unha maior distancia estratéxica co castelán pola vía da aproximación gráfica ao portugués. O carácter prescriptivo dos documentos en discusión tampouco axuda. Unha cousa é tolerar que uns universitarios aplicados e entusiastas marchen gravar como falan as vellas nas aldeas e outra consentir que estes lingüistas novos pretendan gobernar, comezando pola ortografía, o modelo estándar de galego culto. E menos que pretendan cimentalo na oralidade popular.

De feito, o desencontro cos vellos galeguistas durou pouco. O Instituto abandonou bastante rápido o foneticismo do *Galego 1, 2, 3* e asumiu a perspectiva máis ampla ("cultural") que demandaba o grupo de Piñeiro (cf. ALONSO PINTOS, 2011). Da posterior concordancia estratéxica entre o Instituto e a Academia nacen as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) e posteriores accións conxuntas entre ambas as institucións na planificación do corpus normativo. Pola contra, a desavinza cos que defendían unha maior aproximación ao padrón escrito (lisboeta) da lingua portuguesa perseguiu ao ILG durante as décadas dos 80 e 90 do século pasado nun conflito longo e estridente que provocou, entre outras consecuencias negativas, a separación definitiva (1978) do catedrático Carballo Calero do Instituto do que fora secretario e vicedirector.

Outra das accións características do ILG foi a divulgativa. Existe desde sempre unha vontade sostida de transmitir, dentro e fóra de Galicia, as investigacións que se levan a cabo. Constantino García promovía entre os seus colaboradores recensións en revistas especializadas das obras que ían aparecendo sobre o galego e fomentaba a súa participación en congresos de lingüística, unha práctica que servía para completar a súa formación e tamén para dar a ver o idioma fóra de Galicia. O exemplo dos congresos resulta ilustrativo do cambio que coñecería en poucos anos o status do galego na Romanística. A principios dos anos 70 os investigadores do ILG acudían a eles apenas para escoitar e aprender. Máis adiante asistían xa con comunicacións sobre o galego, unha lingua aínda rara ou ausente daquela nos manuais de lingüística románica. Un exemplo de que o ILG comezaba pouco a pouco a ter un certo nome é a súa participación, na década de 1980, no proxecto *Patronymica Romanica* (PATROM), coordinando todos os centros ibéricos (Lisboa, Madrid, Barcelona, Sevilla...). Hoxe en día, á fin, recíbense con normalidade *call for papers* para encontros e publicacións de prestixio solicitando a presenza de membros do Instituto.

En Galicia, unha liña destacable no eido da difusión foron os cursos de galego para docentes. Os primeiros nos que participaron membros do ILG na década dos setenta eran unha empresa sacrificada tanto para eles mesmos, que se tiñan que desprazar a distintas localidades do país para impartilos, como para os esforzados mestres e mestras que participaban neles. Algúns querían aprender para mellorar ou introducir o galego culto nas súas aulas, pero tamén os había que asistían polo compromiso patriótico de aprenderen o rexistro coidado da lingua perseguida pola ditadura. En calquera caso, adquirirían unha formación sen réditos na súa relación profesional coa administración do estado español. Máis tarde, a partir de 1975, estes cursos realizáronse co Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago. Ademais de capacitar futuros profesores, o ICE dispensa cursos de perfeccionamento ao profesorado en exercicio, e o Instituto da Lingua participa no deseño e na docencia dos de galego (cf. FERNÁNDEZ REI, 1991, p. 19; MONTEAGUDO, 1996, p. 34-35). Xa na década seguinte, ao se implantaren de maneira definitiva as materias de Lingua e a Literatura Galegas no ensino básico e medio, cómpren docentes, e estes docentes precisan unha formación previa que os habilite para exercer. O dominio do galego serve agora, en escala limitada pero ben real, para construír carreiras académicas e futuros laborais. Neste período, investigadores do ILG cooperarán con editoriais privadas, algunhas galegas (Edicións Xerais de Galicia) e outras de fóra de Galicia pero interesadas no mercado do libro escolar galego (SM, Anaya, Santillana), no desenvolvemento dos manuais para a primeira xeración da historia que recibe ensino oficial en galego.

4. Camiño adiante

En xeral, esta segunda fase (1983-2003) pode considerarse como de consolidación e posta en valor das iniciativas que principiaron na anterior. Neste capítulo repasaremos algúns conflitos do Instituto con actores do escenario político e institucional galego e daremos conta sucinta dalgunhas achegas aparecidas nestes anos e do seu contexto de elaboración.

Desde 1990, o mapa universitario de Galicia conta con dúas novas sedes, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, con departamentos propios dedicados ao estudo do galego. Pero en contra do que algún observador externo podería pensar, a mudanza do contorno universitario non provocou ningún conflito particular co ILG. Como pasamos a ver, as controversias máis notables tiveron, máis ben, natureza e escenarios extra académicos.

Tanto a súa postura na disputa ortográfica coma a defensa da súa independencia institucional pasaron factura ao ILG, e non pequena, en diversos momentos destes case cincuenta anos de historia. Na década de 1980 algúns grupos nacionalistas (nomeadamente a UPG e a súa redonda) que xulgaban os seus postulados ortográficos pouco representados no estándar oficial, exacerbaron as súas críticas ao ILG. E non se tratou exactamente dunha amable discrepancia erudita. Os investigadores do Instituto pasaron de ser vistos como un grupo de lingüistas novos en pugna cos vellos filólogos galeguistas (cf. FERNÁNDEZ REI, 2008; SANTAMARINA, 2011) a verse etiquetados como un fato de dialectólogos obsesionado polo galego popular que teimaba nunha ortografía xenuflexa aos intereses da dereita españolista (cf. SÁNCHEZ VIDAL, 2010). A inclusión da Disposición adicional na Lei de Normalización Lingüística de 1983 (“Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”), que marxina ao ILG na planificación da normativa, debe entenderse á luz desta discordia. Entre os que nesta altura disenten da ortografía oficial e postulan unha maior aproximación ortográfica ao padrón do portugués continental están os reintegracionistas “de mínimos” agrupados na Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e os reintegracionistas “de máximos” da Associação Galega da Língua (AGAL).

Pero esta non foi a única colisión do Instituto con actores do escenario político que defendían intereses de parte. En outubro de 1990, e obrigado polos cambios efectuados no marco legal dos centros universitarios de investigación, Constantino García, o seu director de sempre, vese no transo de abandonar o cargo na institución da USC que contribuíra a fundar. A partir de 1993 o antigo catedrático de Lingüística Románica pasa a dirixir o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (CILLRP), que acaba de crearse por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para, como reza o seu artigo 1º, “promover e desenvolver proxectos e programas galegos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos e da súa difusión”. O presidente da Comisión Rectora do CILLRP é o propio conselleiro de Educación, o vicepresidente é o director xeral de Política Lingüística e o administrador do centro é escollido (polo conselleiro) entre os funcionarios da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Para se poñer en marcha e desenvolver os labores encomendados polo goberno, o CILLRP recibe unha importante dotación económica. Pola súa banda, o ILG mantén a súa autonomía –e recursos limitados– ao abeiro da Universidade de Santiago de Compostela².

Pero volvamos dez anos atrás. O desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística provocou mudanzas no terreo da produción e circulación cultural e orixinou tensións polos intentos de uns e outros axentes sociais de se apropiar do capital simbólico (BOURDIEU, 1994) en xogo. Entre outras cousas, había que alfabetizar un país enteiro (case tres millóns de persoas) na súa lingua propia, un idioma que todos coñecían e case todos falaban, pero no que a maioría non sabía ler nin escribir. O comando da normativa cobraba unha relevancia da que carecera cando o galego literario era lido e escrito de maneira case exclusiva por unha minoría concienciada. A presenza do galego escrito culto en determinados ámbitos de uso era algo novo e por estreir, e as consultas multiplicáronse naqueles anos intensos en que o tempo da lingua se acelerou. O galego pasa a ser o idioma de uso de funcionarios e funcionarias da administración, das disposicións legais do Diario Oficial de Galicia, das retransmisións deportivas e dos produtos audiovisuais (desde telenovelas brasileiras a telefilmes estadounidenses) que difunde o ente público Radio Televisión de Galicia (RTVG), inaugurado en 1985.

Neste contexto en expansión, o ILG segue axudando a dotar a lingua dos documentos normativos que precisa para se incorporar a espazos sociais prestixiados dos que fora historicamente excluída. Como vimos,

² Tres anos despois de aparecer o CILLRP, Antón Santamarina sinalaba (MONTEAGUDO, 1996, p. 36) a dotación económica como o principal problema do ILG (“O problema fundamental do ILG é o financiamento”).

dispúñase xa dunha ortografía oficial, pero seguía habendo lagoas en gramática e lexicografía. As colaboracións nestas materias non sempre levan o nome do ILG na portada, aínda que sexan expertos deste organismo os seus autores. A *Gramática Galega* de Galaxia (1986), que tivo sete edicións, só no interior recolle a pertenza do equipo redactor (R. Álvarez, X. L. Regueira e H. Monteagudo) á Sección de Gramática do Instituto. Dezaseis anos máis tarde, a mesma casa editorial publica unha *Gramática da Lingua Galega* da autoría de R. Álvarez e X. Xove (2002). O texto nace das investigacións “Gramática descritiva da lingua galega” e “Sintaxe descritiva da lingua galega” do Instituto da Lingua, pero hai que esperar ás páxinas segunda e terceira do Limiar (ÁLVAREZ; XOVE, 2002, p. 10, 11) para atopar o dato.

A ortoepia coñecerá un desenvolvemento singular na década de 2010, pero xa nesta época diversas achegas van delimitando o campo. Desde os anos 80, co centro xa no Edificio López Ferreiro da USC, existe no ILG un laboratorio de Fonética acústica que conta cun espectógrafo dixital co que M. González e X. L. Regueira comezan as súas pescudas nesta área experimental (GONZÁLEZ; REGUEIRA, 2016, p. 378). O propio X. L. Regueira ocúpase da pronuncia estándar en varios artigos (1997, 1999) e Elisa Fernández Rei inicia neste período (1997) os seus estudos sobre prosodia e completa a súa tese nesta especialidade (2002).

No eido lexicográfico A. Santamarina e M. González preparan na década de 1980 un vocabulario ortográfico para uso interno do ILG (*Vocabulario ortográfico da lingua galega*). Este volume técnico e de circulación restrinxida, concibido como paso previo á preparación dun dicionario de lingua convencional, actuou en verdade como corpus de referencia dos dicionarios de galego redactados a partir daquela data (véxase o contributo de A. Santamarina e E. González Seoane neste mesmo volume). A obra superaba o *Diccionario básico da lingua galega* publicado polo Instituto en 1980 (“[...] un breve vocabulario dunhas 2.000 voces, ilustradas con debuxos e exemplos, destinado a un público infantil”, GONZÁLEZ SEOANE, 2003, p. 179) pero non solucionaba a ausencia dun dicionario actualizado para o público xeral³. Faltaba ademais un pronunciamento oficial sobre o léxico ao estilo do que xa había para a ortografía, un dicionario clásico que fixase un repertorio canónico de entradas e subministrase definicións igualmente ratificadas pola autoridade académica. Para cubrir este oco a Real Academia Galega publica en 1990 un *Diccionario da lingua galega* “realizado por un equipo de traballo do ILG co patrocinio e co respaldo da RAG” (GONZÁLEZ SEOANE, 2003, p. 180), e sete anos despois a mesma RAG dá ao prelo, en solitario e co dobre de entradas, o *Diccionario da Real Academia Galega* (1997), dirixido por C. García e M. González.

Sen abandonarmos a lexicografía, é mención obrigada o *Diccionario de dicionarios* (SANTAMARINA, 2000), unha recompilación dos dicionarios que foran aparecendo desde o s. XIX e que se entregaba cun CD-ROM. Este compendio supón un fito na disponibilización de materiais lexicográficos, tanto por reunir textos non sempre accesibles como por multiplicar as posibilidades de consulta, pois ademais de por lemas e outras combinacións máis complexas, permite buscar por sinónimos, por referencias en galego, por referencias en castelán (ata a década de 1980 os dicionarios eran bilingües galego-castelán), por palabras afíns, por exemplos, por poemas e por refráns. Do *Diccionario de dicionarios* hai desde 2011 unha versión web, preparada por Xavier Gómez Guinovart, do Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo⁴.

Para a proxección social do resultado do seu traballo, o ILG continúa ampliando as súas colaboracións con entidades públicas e privadas. Fomos vendo como varias casas editoriais galegas daban ao prelo gramáticas e dicionarios concibidos e redactados por membros do Instituto. Na edición institucional, o ILG segue presente na revista *Verba*, que ata mediados dos 80 presenta un predominio de artigos sobre asuntos de lingüística galega, ao tempo que establece novos convenios de divulgación. Así, en parceria coa Fundación Pedro Barrié de la Maza, que se mantén no Padroado do ILG, iníciase a Biblioteca Filolóxica Galega, na que aparecen entre 1990 e 2003 os catro primeiros volumes do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa). As tres primeiras entregas daquela magna investigación dirixida por C. García e A. Santamarina foron coordinadas polos profesores que realizaran a xeira de gravacións pioneira (1974-1977). Deste xeito, o volume I (*Morfoloxía verbal*, 1990) coordinouno F. Fernández Rei, o II (*Morfoloxía non verbal*, 1995), R. Álvarez e o III (*Fonética*, 1999), M. González. No período cronolóxico incluído neste apartado aparece así mesmo o IV (*Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, 2003), coordinado tamén por Fernández Rei. Na difusión do coñecemento do galego dialectal tiveron especial éxito o manual *Dialectoloxía da lingua galega* (FERNÁNDEZ REI, 1990) e *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* un volume preparado por F. Fernández Rei e Carme Hermida para o Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega (CCG). Na súa primeira versión (FERNÁNDEZ REI; HERMIDA, 1996) *A nosa fala* acompañábase de tres casetes, que na segunda edición

³ Este oco cubriuno en gran medida o *Diccionario Xerais da Lingua* (1986), un manual monolingüe de capas laranxas que foi un éxito de vendas e aínda hoxe resulta visible na maioría das oficinas públicas da administración galega.

⁴ Dispoñible en: <<http://sli.uvigo.es/ddd>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

(2003) pasaron a ser tres CDs, e desde 2004 tanto o libro coma os audios son de acceso libre no web do CCG⁵. Tamén neste período apareceron, na Biblioteca Filolóxica Galega da Barrié, os dous volumes da tese de X. Babarro (2003) sobre o galego de Asturias.

Como sabemos, entre as accións propias do ILG está a de organizar “congresos, reunións científicas, seminarios, debates, xornadas e actividades análogas”. Un evento sinalado foi a celebración en Santiago de Compostela do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas en 1989, que pode considerarse como un respaldo simbólico da comunidade académica romanística ao proceso de emerxencia da lingua galega, que foi oficial naquela ocasión (o que provocou as protestas e o boicoteo dunha parte da Filoloxía Española ao congreso). Igualmente significativo foi o tratamento que se lle depara no volume VI.2 do *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (cfr. HOLTUS; METZELIN; SCHMITT, 1994), elaborado no fundamental por investigadores vencellados ao Instituto da Lingua Galega. De por parte, o CCG comeza a editar (Colección Base, Serie Lingüística, máis tarde Ensaio e Investigación) os resultados do simposio anual que o ILG celebra desde 2000⁶. Nesta mesma colección imprímense os tres volumes do estudo *O proceso de normalización do idioma galego* (MONTEAGUDO; BOUZADA, 2002a; 2002b; 2003). Pero o segundo gran evento desta fase é probablemente o congreso internacional *A Lingua Galega. Historia e actualidade*, organizado en 1996 para celebrar o vixésimo quinto aniversario do Instituto da Lingua (ÁLVAREZ; FERNÁNDEZ REI; SANTAMARINA, 2004). A panorámica extensa e representativa que recollen os seus volumes de actas⁷ permite comprobar os logros acadados no coñecemento científico sobre o idioma no último terzo do século XX.

En síntese, nos vinte anos que median entre 1983 e 2003 complétase a base académica (ortografía, gramática, dicionario) do estándar. Ao tempo, na década de 1990 devala a polémica ortográfica e comeza a estenderse o emprego das novas tecnoloxías á hora de dispoñer recursos para o público, unha tendencia que cobrará máis importancia no século XXI.

5. O ILG no século XXI

A cantidade e complexidade dos programas en que participa o ILG no período 2003-2017 non se deixa resumir de maneira doada, por iso nos centraremos apenas en dar noticia breve dalgunhas liñas básicas desenvolvidas polos investigadores adscritos. Ben seguro que non de todas, pois unha relación exhaustiva que incluíse investigadores pre e posdoutorais, persoal de apoio, investigadores visitantes, bolseiros e colaboradores externos queda fóra das posibilidades e intencións do noso texto. Escollamos un nome, por exemplo Xulio Sousa Fernández, o último da relación alfabética do web corporativo. Comprobaremos que participa en dez proxectos, en cinco deles como investigador principal (IP), á parte dos outros tres (dous como IP) xa concluídos que figuran no epígrafe Proxectos Históricos. Só explicar as monografías deste profesor no arco temporal escolmado daría para un artigo enteiro. Ademais, o mesmo web brinda información actualizada coa que ampliar datos concretos sobre algún proxecto ou investigador determinado.

O contexto que caracteriza este período é ben distinto daqueloutro dos primeiros anos de goberno autonómico. A recesión orzamentaria (os “recortes”), a redución dos cadros de persoal e a caída xeral da matrícula nas especialidades de Filoloxía en Galicia e España son riscos que se agravan a partir de 2008. Non obstante, e a pesar deste conxunto de circunstancias, o ILG segue avante.

No debate normativo, a dualidade do período 1983-2003 entre “máximos” e “mínimos” reintegracionistas non define xa o terreo dos que se opoñen á ortografía do ILG e a RAG. A revisión normativa de 2003⁸ integrou os “mínimos” na convención oficial e desde 2008 unha nova asociación, a Academia Galega da Língua Portuguesa, defende o portugués como único estándar posible para Galicia, unha postura que desde 2016 tamén apoia a Associação Galega da Língua (AGAL), cuxos “máximos” reintegracionistas son hoxe defendidos por un colectivo denominado Associação de Estudos Galegos.

⁵ Dispoñible en: < <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php> >. Acceso en: 2 nov. 2017.

⁶ Ata 2003 aparecen nesta colección de tapa dura os títulos *Dialectoloxía e léxico* (ÁLVAREZ; DUBERT; SOUSA, 2002) e *A estandarización do léxico* (ÁLVAREZ; GONZÁLEZ, 2003). Todos os volumes destas dúas coleccións sucesivas están dispoñibles en pdf de descarga libre na rede no espazo web do Consello da Cultura Galega: <<http://consellodacultura.gal/mediateca/libros.php>>.

⁷ Dispoñibles en: <<http://consellodacultura.gal/mediateca/evento.php?id=110>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

⁸ Unha síntese do marco da mudanza normativa de 2003 está dispoñible en <<http://www.culturagalega.org/especiais/reforma/contexto.htm>>. Acceso en: 2 de nov. 2017.

No que respecta ao Instituto da Lingua Galega, comprobamos que os programas clásicos se van complementando con novas aproximacións en campos como a prosodia, a variación e o cambio lingüístico. Asemade, destacamos a presenza substantiva do ILG en redes de unidades de investigación competitivas, a disponibilización en Internet de diferentes tesouros lexicográficos e a internacionalización do seu labor. Ademais de manter os seus tradicionais centros de interese, o Instituto conserva a dinámica de grupo: os seus membros involúcranse uns nos proxectos dos outros, redactan e asinan artigos en parcería. Esta dinámica cooperativa facilitou nos últimos anos a adaptación do ILG ás demandas da investigación científica en grupos interuniversitarios.

A innovación e a procura de recursos levaron o ILG a concorrer ao Programa de Consolidación de Unidades de Investigación Competitivas convocado polo goberno galego. Dentro deste programa, que estaba en principio máis orientado á creación de redes de disciplinas de “Ciencia e Tecnoloxía” ca de Humanidades, o ILG lidera desde 2012 a súa propia rede, Tecnoloxías e Análise de Datos Lingüísticos (TECANDALI), na que participan expertos universitarios en matemáticas, estatística e enxeñaría de telecomunicacións. O repaso dos integrantes da rede TECANDALI condúcenos a outra serie intrincada de siglas. Son socios do FILGA (o grupo do que forman parte a maioría dos membros do ILG), os seguintes: na Universidade de Vigo, o grupo Gramática, Discurso e Sociedade (GRADES), o grupo Tecnoloxía e Aplicacións da Lingua Galega (TALG) e o Grupo de Tecnoloxías Multimedia (GTM); da Universidade de Santiago de Compostela, os grupos Modelos de Optimización, Decisión, Estadística y Aplicaciones (MODESTYA), Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos (COGRADE) e Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI). Outra rede da que o ILG (FILGA) participa é RELEX, de lexicografía, liderada polo equipo Estudos Románicos y Comparados (ROMANYCOM) da Universidade da Coruña, que coordina grupos de investigación das tres universidades galegas. A grave recesión do financiamento da investigación universitaria provoca que, lamentablemente, haxa que celebrar como unha vitoria cada aprobación orzamentaria, pois das 45 redes subsidiadas na convocatoria anterior, só 19 conseguiron a renovación en decembro de 2016.

Repasemos algúns dos progresos desta etapa. Como sabemos, a dialectoloxía recibe atención preferente no ILG desde a súa fundación. Hai moitos anos que as posibilidades de edición dixital permiten rendibilizar de maneira máis efectiva os datos dialectais arquivados. No proxecto do *Atlas Lingüístico de Galicia*, atopamos investigadoras adscritas como M. Carme Ares e C. Hermida, que tamén colaboran no Arquivo do Galego Oral (AGO). No que vai de milenio viron a luz dous volumes do ALGa dedicados ao léxico, o V (*Léxico. O ser humano (I)*, 2006), coordinado e redactado por R. Álvarez, F. Dubert e X. C. Sousa, e o VI (*Léxico. Terra, plantas, árbores*, 2016), coordinado e redactado por F. Fernández Rei. A dialectoloxía non recibe nos nosos días a atención central que se lle dispensou nos anos das “teses de fala”, pero segue operando como fecundo ámbito de observación. Por caso, os estudos da investigadora predoutoral Soraya Suárez Quintáns e a matemática Laura Calaza Díaz (Plataforma de docencia e análise de datos dialectais perceptivos) examinan as impresións e xuízos metalingüísticos de falantes espontáneos sobre as variantes xeográficas do galego.

O cambio lingüístico no galego oral é investigado por X. L. Regueira, que tamén dirixe o proxecto de dixitalización do corpus oral CORILGA⁹, “con transcrisións ortográfica e fonética, aliñadas co arquivo de voz e anotadas en diferentes niveis (fonético, prosódico, gramatical, textual, temático)”. Entre as achegas de Regueira á prosodia do galego estándar salienta a publicación dun *Diccionario de pronuncia da lingua galega* (2010) sobre a base do VOLGa, do que realizou unha versión con audios de voz humana en 2011 (ampliada en 2013), de libre acceso no web do Instituto¹⁰. A profesora E. Fernández Rei comparte con Regueira o interese pola variación e o cambio lingüísticos na lingua oral, e dirixe a parte galega do Atlas Multimedia da Prosodia do Espazo Románico (AMPER), coordinado polos profesores M. Contini (Université Stendhal-Grenoble 3, Francia) e A. Romano (Università degli Studi di Torino, Italia). O proxecto AMPER permitiu a consolidación de equipos estables coas universidades portuguesas de Aveiro e Lisboa, a publicación de traballos conxuntos e a organización do Colóquio Internacional de Geoprosodia do Portugués e do Galego celebrado en Aveiro en 2015 (GONZÁLEZ; REGUEIRA, 2016, p. 380). A variación e o cambio lingüístico son investigados por F. Dubert e X. C. Sousa (proxecto Contacto e cambio lingüístico en galego), en textos orais do galego (dialectal e estándar) e do castelán de Galicia; e a comparanza entre o galego e o portugués do Brasil é o foco dun proxecto coordinado por H. Monteagudo (Variación e cambio no sistema lingüístico histórico galego-portugués) que se desenvolve en parcería con profesores das universidades brasileiras de São Paulo, Federal do Rio de Janeiro e Federal Fluminense.

⁹ <<https://ilg.usc.es/gl/proxectos/corpus-oral-informatizado-da-lingua-galega-corilga>>. Acceso en: 2 de nov. 2017.

¹⁰ Dispoñible en: <<https://ilg.usc.es/pronuncia>>. Acceso en: 2 de nov. 2017.

A edición de textos medievais ten en Ramón Lorenzo un mestre insigne que segue contribuíndo ao prestixio do ILG. Neste eido merece destacarse a colosal tarefa de edición dixital liderada por F. X. Varela, que dispuxo para o público os tesouros medievais informatizados (TMI) das linguas galega e portuguesa, así como testemuños coetáneos (recollidos na área galego-portuguesa) en latín e castelán. Este Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)¹¹, que se integra no Corpus Xelmírez de textos medievais, recolle todos os documentos non notariais (literarios, históricos, relixiosos, xurídicos e técnicos) e o 80% dos notariais (GÓMEZ GUINOVART, 2016, p. 143-144). A estes tesouros medievais hai que engadir o proxecto Gondomar de preparación dun arquivo dixital de textos do galego medio (séculos XVI-XVIII), dirixido por R. Álvarez e E. González Seoane.

En gramática histórica salientan as entregas de E. Moscoso Mato, M. Sol López Martínez e R. Mariño Paz, e, na perspectiva sincrónica, a cooperación ILG-RAG para levar a termo a gramática da Academia. O método de composición desta gramática permite conectar a experiencia docente (USC) e de investigación (ILG) co carisma da institución que ten a encarga legal de definir e custodiar o estándar (RAG). Desta maneira, o Seminario de Gramática da Real Academia, fundado no ano 2000 e coordinado por R. Álvarez, intégrano investigadores do Instituto a cargo da materia de gramática na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Do texto informábase en 2005 (ÁLVAREZ; CIDRÁS; GONZÁLEZ; REGUEIRA; XOVE, 2005, p. 68) que terá unha extensión de máis do dobre da *Gramática da lingua galega* de Álvarez e Xove (2002). Pola súa banda, a Sintaxe é obxecto de análise específica de varios autores, entre eles F. Cidrás ou os agrupados no proxecto Construcións verbais e sintaxe da oración (CONVERSO)¹².

No que fai á lexicografía, produtos editoriais como o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), dirixido por A. Santamarina, cos seus máis de cento sesenta e cinco mil lemas extraídos de textos literarios do galego moderno impresos entre 1612 e 2013 non resultarían factibles sen as posibilidades que ofrece o contorno dixital. Esta obra, que tivo unha primeira edición en 2004 e outra, ampliada, en 2011¹³, recolle case toda a produción escrita en galego entre 1612 e 1980 e unha mostra dilatada e representativa do aparecido desde 1980 (GÓMEZ GUINOVART, 2016, p. 142). Cando o único soporte dispoñible era o papel, empresas filolóxicas como o TILG e os seus 25 millóns de palabras quedaban fóra das posibilidades de edición de centros como o ILG. Dentro do campo dos tesouros lexicais *on-line*, equipos de investigación de vinte universidades galegas, portuguesas e brasileiras participan na confección do Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués¹⁴.

A versión dixital do *Dicionario da Real Academia* (2012)¹⁵ dirixiuna M. González e nos seus créditos atopamos bastantes outros investigadores do Instituto. Nesta área destacan tamén os traballos de autoras máis novas (M. Álvarez de la Granja) e as actividades da sección de Onomástica, que coordina A. I. Boullón. Esta última autora e X. Sousa prepararon a *Cartografía dos apelidos de Galicia*¹⁶, que alarga o rango de público das consultas dixitais dos recursos do ILG. No lexicográfico, debemos engadir a dixitalización do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (2004)¹⁷ e lembrar que os "Criterios de elaboración" desta obra conforman, xunto coa "Introdución" ás *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, dúas privilexiadas fontes primarias das pautas que guiaron a estandarización do galego nos planos ortográfico, morfolóxico e lexical¹⁸.

No que respecta á divulgación, o ILG leva uns anos insistindo na difusión internacional do coñecemento da lingua galega, o que implica o incremento da súa presenza en congresos e a redacción de artigos en inglés para publicacións "de impacto". Con todo, quixeramos deixar constancia aquí do III Congreso Internacional de Linguística Histórica (2015), dedicado aos profesores R. Lorenzo e A. Santamarina, organizado en parcería coas universidades brasileiras de São Paulo e Federal Fluminense, que reuniu en Santiago de Compostela a especialistas dun espazo transnacional de singular relevo para o idioma galego.

¹¹ Dispoñible en: <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>. Acceso en: 2 de nov. 2017.

¹² <<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/construccion-verbais-e-sintaxe-da-oracion-converso>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

¹³ Dispoñible en: <<http://www.ti.usc.es/TILG/>>. Acceso en: 2 nov. 2017. O TILG foi disposto para o web por X. Gómez Guinovart do SLI da Universidade de Vigo.

¹⁴ <<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-e-portugues>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

¹⁵ Dispoñible en: <<http://academia.gal/diccionario/>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

¹⁶ Dispoñible en: <<http://ilg.usc.es/cag/>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

¹⁷ Dispoñible en: <<http://academia.gal/recursos-volg>>. Acceso en: 2 nov. 2017.

¹⁸ Os criterios de elaboración do VOLG están dispoñibles en: <<http://academia.gal/recursos-volg>>. Acceso en: 2 nov. 2017. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* están dispoñibles en: <<http://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortograficas+e+morfologicas+do+idioma+galego.pdf>>. Acceso en: 2 nov. 2017, a Introducción ocupa as páxinas 9-11.

Tamén seguen operativas as vellas canles de difusión. Na Biblioteca Filolóxica Galega da Fundación Barrié publícanse entre 2003 e 2017 dúas terceiras partes dos títulos da colección, entre eles os xa referidos volumes V (2006) e VI (2016) do *ALGa*. Asemade, a colección Base do CCG segue ofrecendo os resultados dos simposios anuais monográficos do ILG. Os dous últimos versaron sobre Cambio lingüístico no galego actual (2015) e Antroponimia e lexicografía (2016). A colección “ensaio & investigación” do CCG acolle tamén obra do ILG, entre ela parte da produción (informes, estudos) de temática sociolingüística editada polo profesor Monteagudo (2009; 2011; 2012). Ata a data, o último volume aparecido nesta colección é *A lingua galega no solpor medieval* (MARIÑO; VARELA, 2016) sobre a situación do galego nos séculos XV e XVI. Parece de interese sinalar que estes textos do CCG, e algún outro non citado, son de libre acceso no apartado Publicacións do seu sitio web¹⁹.

No ámbito editorial da Universidade de Santiago, o ILG segue presente na revista *Verba*. Así, o anexo número 73 desta revista preparárono R. Mariño e X. Varela (*Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*, 2016). Co Servizo de Publicacións da USC deseñouse a colección Limiar (2014-) destinada aos investigadores que empezan, e na que apareceron polo de agora textos de Carolina Pérez Capelo (2015) e Héctor Cajaraville (2015). Asemade, á revista *Verba* súmase desde 2009 unha propia do ILG (*Estudos de lingüística galega*) a primeira nativa dixital da Universidade de Santiago, con prestixio crecente nos “índices de impacto” pola súa calidade editorial e científica.

Un evento que cumpriu trinta anos en 2017 son os cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros, que desprazan ata Compostela investigadores e investigadoras de todo o mundo para coñeceren sobre o terreo esta variedade románica do occidente europeo. O primeiro destes cursos dirixiuno Manuel González en 1988, e entre os centos de mozos universitarios que desde aquela visitaron o país para completar a súa formación gustaríanos mencionar a Johannes Kabatek, hoxe catedrático en Zürich, que asistiu ao primeiro de 1988 e estableceu vínculos permanentes con Galicia e o seu idioma, e tamén a Takekazu Asaka, autor dunha gramática do galego moderno en xaponés (1992), que participou en varias ocasións desde 1990, a última delas en 2016.

En suma, o ILG avanza no século XXI como un centro de estudos asentado e respectado internacionalmente. Integrado en redes interuniversitarias de investigación, publica desde 2009 unha revista dixital propia (*Estudos de Lingüística Galega*), continúa coas súas liñas clásicas (dialectoloxía, gramática, lexicografía, edición de textos), profunda noutras novas (prosodia, variación e cambio lingüístico) e colabora con enxeñeiros de telecomunicación, estatísticos, matemáticos e expertos en lingüística computacional para mellorar no seu labor de investigar, elaborar e divulgar a lingua galega.

Bibliografía

ALONSO MONTERO, Xesús. Instituto da Lingua Galega. 25 anos a contragolpe. *Galicia Internacional*, xuño, p. 70-74, 1996.

ALONSO PINTOS, Serafin. *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2002. p. 117-120.

ALONSO PINTOS, Serafin. *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006. p. 192-201.

ALONSO PINTOS, Serafin. Ao servizo dun pobo real e concreto. O Instituto da Lingua e a ortografía do galego moderno. *Grial*, v. 191, p. 22-27, 2011.

ÁLVAREZ, Rosario. *O pronome persoal en galego*. Tese (Doutorado en Filoloxía). Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1980.

ÁLVAREZ, Rosario; REGUEIRA, Xosé Luís; MONTEAGUDO, Henrique. *Gramática galega*. Vigo: Galaxia, 1986.

ÁLVAREZ, Rosario; XOVE, Xosé. *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia, 2002.

ÁLVAREZ, Rosario; DUBERT GARCÍA, Francisco; SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (Ed.). *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002.

¹⁹ Dispoñible en: < <http://consellodacultura.gal/> >. Acceso en: 2 nov. 2017.

- ÁLVAREZ, Rosario; CIDRÁS, Francisco; GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto; REGUEIRA, Xosé Luís; XOVE, Xosé (2005). Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática* da Real Academia Galega. In: ÁLVAREZ, Rosario; MONTEAGUDO, Henrique (Ed.). *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega-Consello da Cultura Galega, 2005. p. 61-68.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario; FERNÁNDEZ REI, Francisco; SANTAMARINA, Antón (Ed.). *A Lingua Galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional*, Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996 / [organizado polo] Instituto da Lingua Galega. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega-Instituto da Lingua Galega, 2004.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María; GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto Xosé (Ed.). *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003.
- ASAKA, Takekazu. *Gramática do galego moderno*. S.l. [Xapón], s.n., 1992.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán. *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.
- BOURDIEU, Pierre. *Raisons pratiques. Sur la théorie de l'action*. París: Seuil, 1994.
- CAJARAVILLE ARAÚJO, Héctor. *Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego: De Luns a Venres*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2005.
- CARBALLO CALERO, Ricardo. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia, 1963.
- CARBALLO CALERO, Ricardo. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 1966.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa. Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas (totais e parciais) en galego. In: *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies* (Univ. of Oxford, 1994) / *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Univ. de Oxford, 1994). Oxford: Centre for Galician Studies, 1997. v. 1, p. 241-253.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa. *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfía sintagmática: dominios prosódicos en galego*. Tese (Doutorado en Filoloxía). Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2002.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. *O Verbo. Contribución á dialectoloxía galega*. Tese (Doutorado en Filoloxía). Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1979.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, 1990.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego. In: *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1991, v. I, p. 15-46.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia. In: *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Universidade de Santiago de Compostela, 2008, p. 985-1009.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco. A botadura do ILG. In: CORRAL DÍAZ, Esther; FIDALGO FRANCISCO, Elvira; LORENZO GRADÍN, Pilar (Ed.). *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2016, p. 399-409.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco; HERMIDA GULÍAS, Carme (Ed.). *A Nosa Fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, 1996.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís. *Diccionario galego-castelán e vocabulario galego-castelán*. Vigo: Galaxia, 1972.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. I, Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. II, Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1995.

- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. III. Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1999.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. V. Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.
- GARCÍA, Constantino; SANTAMARINA, Antón (Dir.). *Atlas Lingüístico Galego, v. VI. Léxico. Terra, plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2016.
- GÓMEZ GUINOVART, Xavier. Recursos de tecnología lingüística para la lengua gallega. In: GONZALO, Ángel Luis (Coord.). *Tecnologías del lenguaje en España. Comunicación inteligente entre personas y máquinas*. Fundación Telefónica – Editorial Ariel: Madrid-Barcelona, 2016, p. 141-146. Disponible en: <https://www.fundaciontelefonica.com/arte_cultura/publicaciones-listado/pagina-item-publicaciones/itempubli/565/>. Acceso en 2 nov. 2017.
- GONZÁLEZ, Manuel; REGUEIRA, Xosé Luís. Galicia en los inicios de los estudios de fonética acústica dentro del estado español. In: FERNÁNDEZ PLANAS, Ana Ma. (Ed.). *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*. Barcelona: Laboratori de Fonètica da Universitat de Barcelona, 2016. p. 373-382. Disponible en: <<http://stel.ub.edu/labfon/amper/homenaje-eugenio-martinez-celdran/53reflexiones.html>>. Acceso en: 28 de febreiro de 2017.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto. Da invención e fundación do ILG. *Grial*, v. 191, p. 17-21, 2011.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto. A lexicografía galega moderna. In: MONTEAGUDO, Henrique; BOUZADA, Xan M. (Coord.). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003, p. 165-227.
- HOLTUS, Günter; METZELIN, Michael; SCHMITT, Christian. *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL): Band VI, 2. Gallego, Português*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 1994.
- MARIÑO, Ramón; VARELA, Xavier (Ed.). *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2016.
- MONTEAGUDO, Henrique. No vintecinco aniversario do Instituto da Lingua Galega. Entrevista con Antón Santamarina. *Grial*, v. 129, p. 25-42, 1996.
- MONTEAGUDO, Henrique (Coord.). *Sociedades plurilingües*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2009.
- MONTEAGUDO, Henrique (Dir.). *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2011.
- MONTEAGUDO, Henrique (Ed.) *Linguas, sociedade e política*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2012.
- MONTEAGUDO, Henrique; BOUZADA, Xan M. (Coord.). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002a.
- MONTEAGUDO, Henrique; BOUZADA, Xan M. (Coord.). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2002b.
- MONTEAGUDO, Henrique; BOUZADA, Xan M. (Coord.). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003.
- OTERO PEDRAYO, Ramón. *Historia de Galiza*. Buenos Aires: Editorial Nós, 1962-1973.
- PÉREZ CAPELO, Carolina. *Toponimia e variación dialectal en galego, os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2015.

- REGUEIRA, Xosé Luís. Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega. In: *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies* (Univ. of Oxford, 1994) / *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos* (Univ. de Oxford, 1994). Oxford: Centre for Galician Studies, 1997. v. 1, p. 179-194.
- REGUEIRA, Xosé Luís. Estándar oral e variación social da lingua galega. In: ÁLVAREZ, Rosario; VILAVEDRA, Dolores (Ed.). *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999. v. 1, p. 855-875.
- ROJO, Guillermo. Guillermo Rojo. In: LABORDA, Xavier; ROMERA, Lourdes; FERNÁNDEZ PLANAS, Ana M. (Ed.). *La lingüística en España. 24 autobiografías*. Barcelona: Editorial UOC, 2014, p. 345-359.
- SACO ARCE, Juan Antonio. *Gramática Gallega*. Lugo: Soto y Freire, 1868.
- SÁNCHEZ VIDAL, Pablo. *O Debate Normativo da Lingua Galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2010.
- SANTAMARINA, Antón. *El verbo gallego: estudio basado en el habla del Valle del Suarna*. Tese (Doutorado en Filoloxía). Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1974.
- SANTAMARINA, Antón. *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2000.
- SANTAMARINA, Antón. O Instituto da Lingua Galega: 25 anos de protagonismo e testemuño. In: *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega – Instituto da Lingua Galega, 2004. v. I, p. 21-36.
- SANTAMARINA, Antón. Constantino García González. *Verba*, v. 36, p. 7-11, 2009.
- SANTAMARINA, Antón. O Instituto da Lingua Galega hai 40 anos. *A Trabe de Ouro*, v. 86, p. 145-156, 2011.
- V. F. Cartas de Ramón Piñeiro a Basilio Losada, 1970-71. Sobre a normativa da lingua, a creación do ILG e a Academia. *Grial*, v. 171, p. 56-69, 2005.
- Xunta de Galicia. Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, *Diario Oficial de Galicia* do 14 de xullo de 1983.